

Testamento do galo de Xavestre (Trazo-CO). Leído 22/02/1944.

Texto en: SIXIREI PAREDES, Carlos, *San Cristobo de Xavestre : Chequeo a unha comunidade rural*, Ediciós do Castro, Sada, 1982, pp. 171-173.

*Xa non hai que me console
Nesta miña triste sorte
Pois onte á noite leiuse
Miña sentenza de morte.*

*Mais mentras teña xuicio
Testamento quero facere
Para deixar os meus béns
A quen millor me pracere.*

*E antes de chegar
Ás clausulas derradeiras,
Quérome despedir
Das amantes compañeiras.*

*Galiñas, miñas amigas,
A quen sempre acompañei
Corré ben e vide a vere
Ao estado que cheguei.*

*Deixo as miñas plumas do rabo,
Por seren as máis puestas,
Para que as mociñas solteiras
Se adornen co elas nas festas.*

*E deixo as plumas do papo,
Por seren as máis brillantes,
Para que as mociñas solteiras
Regalen aos seus amantes.*

*Deixo o muelle das tripas
Con todo máis demasía
Para a muller máis lambona
Que haxa na figresía.*

*E deixo quedalo papo
Que me servía de saleiro
Para o home máis honrado
Para bolsa de diñeiro.*

*E deixo quedar a muella
Que era a miña bondade enteira
Para que a coma toda
A quen der miña cociñeira.*

*E deixo as unllas das patas
Que son de cores marelas
Para que as mulleres viudas
Rañen as pulgas con elas.*